

Nome: _____

Curso: _____

Data: _____

Chao ten 8 anos e era fillo único ata onte, porque a súa nai lle acaba de dicir que dentro duns 6 meses vai ter un par de irmanciños. Ela non llo dixerá antes porque os 3 primeiros meses de embarazo son moi delicados; é o período en que se produce o maior número de abortos por causas naturais e, tendo en conta que levaba varios anos pedíndolle un irmán, non quería darlle falsas esperanzas. Aínda non é seguro, pero parece que van ser un neno e unha nena.

Os pais de Chao non se sorprenderon cando lles anunciaron o embarazo de xemelgos xa que, debido á diabetes do pai, tiñan graves problemas de fertilidade e tiveron que recorrer á fecundación asistida, concretamente á fecundación *in vitro*, e eran conscientes de que, nestes casos, os riscos dun embarazo múltiple son altos.



1 Por que son frecuentes os embarazos múltiples cando se acode á fecundación *in vitro*?

2 Como se formaron o irmán e a irmá que espera Chao?

- a. Dun cigoto que se escindiu en dous e estaba formado pola fecundación dun óvulo e un espermatozoide.
- b. De dous cigotos formados cada un deles por un óvulo e un espermatozoide.
- c. Dun cigoto que se escindiu en dous e que se formou pola fecundación dun óvulo e dous espermatozoides.
- d. Dun cigoto formado pola fecundación de dous óvulos e un só espermatozoide.

3 Os irmáns máis novos de Chao formáronse mediante a técnica de fecundación *in vitro*, pero previamente os seus pais xa intentaran conseguir o embarazo mediante a técnica de inseminación artificial. Cal é a diferenza fundamental entre ambas as técnicas de reprodución asistida?

- a. O lugar onde ocorre a fecundación.
- b. O método de extracción do seme.
- c. O lugar onde se desenvolve o embrión.
- d. O método de extracción dos óvulos.

4 A que se pode deber unha enfermidade hormonal como a diabetes que padece o pai de Chao?

- a. A un déficit da hormona tiroxina.
- b. A un déficit da hormona testosterona.
- c. A un déficit da hormona glicagón.
- d. A un déficit da hormona insulina.

5 Cal das seguintes hormonas reguladoras do ciclo ovárico se continuará liberando no sangue da nai de Chao durante os seis meses que lle quedan de embarazo?

- a. A FSH ou folículo estimulante.
- b. A LH ou luteinizante.
- c. A proxesterona.
- d. O estróxeno.

6 Chao está encantado porque hai uns días a súa tía comunicoulle a toda a familia que tamén estaba esperando un neno. Durante a xestación, as menstruacións interrómpanse e iso é a primeira advertencia dun posible embarazo. A tía de Chao sempre tivo uns ciclos ováricos moi regulares de 28 días e a súa primeira falta de menstruación foi o día 26 de novembro de 2015. En cal das seguintes datas ocorreu a fecundación case con toda seguridade?

- a. Iso non se pode saber.
- b. O 29 de outubro de 2015.
- c. O 12 de novembro de 2015.
- d. O 26 de novembro de 2015.

7 O curmán de Chao foi xestado dun modo natural, sen necesidade de fecundación asistida. En que estrutura tivo lugar a fecundación, é dicir, a entrada do espermatozoide no óvulo?

- a. No útero.
- b. Nas trompas de Falopio.
- c. Na vaxina.
- d. No ovario.

8 A tía de Chao e a súa parella non tiñan problemas de fertilidade. Pero, ata o momento en que decidiron ter un fillo, usaran distintos métodos anticonceptivos. O último consistía nun pequeno obxecto de plástico e metal que o xinecólogo colocara no interior do útero da muller e que retirou o mesmo xinecólogo cando a parella decidiu que xa era un bo momento para ter o seu fillo.

Que método anticonceptivo utilizara ultimamente a tía de Chao ata o momento en que decidiron ter un fillo?

- a. O diafragma feminino.
- b. O condón feminino.
- c. A ligadura de trompas.
- d. O DIU sen hormonas.

9 O preservativo masculino ou condón é un método anticonceptivo cómodo e práctico, especialmente cando se trata de previr as enfermidades de transmisión sexual (ETS). Unha das vantaxes de usalo é que prevén enfermidades terribles como a sida ou a sífilis. Clasifica as ETS completando o seguinte cadro:

ETS	Tipo de microorganismo responsable	Nome do microorganismo
Sífilis		
Herpes xenital		
Papiloma		
Candidíase		
Sida		
Gonorrea		
Hepatite B		

10 Unha das avoas de Chao morreu como consecuencia dun cancro de colo do útero e os seus pais están moi sensibilizados con esta cuestión porque saben que o papiloma humano, aínda que na maioría dos casos non adoita causar danos importantes, está relacionado con máis do 70 % dos cancros cervicais nas mulleres.

Os microorganismos causantes do papiloma humano, o virus do papiloma humano (VPH), son moi frecuentes e transmitense a través do contacto coa pel mediante relacións sexuais con persoas infectadas. Por este motivo, decidiron que vacinarán a súa filla no momento oportuno.

A vacina non é eficaz naqueles casos en que a muller xa está infectada. Para asegurar a súa eficacia, ten que aplicarse antes de ter a primeira relación sexual. Sinala que frases son verdadeiras e cales falsas:

Por que se debe aplicar a vacina antes de que a muller tivese a súa primeira relación sexual?	V / F
Porque o VPH é tan abundante que é fácil infectarse na primeira relación sexual.	
Porque a vacina aínda está en fase de estudo e non é perfecta.	
Porque nas persoas adultas esta vacina non funciona.	
Porque as vacinas serven para previr, non para curar.	